

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

INSTITUTO ORENSANO DESARROLLO ECONÓMICO (INORDE)

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA, A TRAVÉS DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DE ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL REALIZADAS POR ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DA PROVINCIA DE OURENSE E TAMÉN POR ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS MUNICIPAIS OU COMARCAIS DA PROVINCIA DE OURENSE DAS QUE FORMEN PARTE COMERCIANTES, DURANTE O ANO 2026

Para os efectos oportunos, publícase a continuación o texto íntegro do acordo do presidente do Inorde do día 29 de maio de 2026, de resolución da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrência competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2026.

Resolución número 2026/0261

ACORDO DE RESOLUCIÓN da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrência competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2026.

Unha vez vistas as bases da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrência competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2026, publicadas no BOP de Ourense número 49, do 13 de marzo de 2026.

Unha vez visto o ditame da Comisión de Valoración do 24 de abril de 2026, polo que formula a proposta provisional de resolución da convocatoria pública para a concesión das subvencións.

Unha vez visto o informe do 25 de maio de 2026, no que se informa da publicación da proposta de resolución na web do Inorde, da súa notificación fidedigna a todas as asociacións interesadas e que, unha vez transcorrido o prazo de audiencia, desde a última data sexa de publicación ou notificación, non se presentaron alegacións a mesma.

Unha vez vista a fiscalización previa do compromiso ou disposición de gasto, en sentido favorable, realizada pola Intervención.

Tendo en conta o establecido na base decimo primeira das bases que rexen o concurso, conforme a cal “A resolución do procedemento se publicará no Boletín Oficial da Provincia, desde cuxa data se computarán os prazos para o exercicio dos recursos administrativos e accións xudiciais que correspondan. A dita resolución tamén será publicada na páxina web do Inorde, <http://www.inorde>.



com, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, e será obxecto de comunicación electrónica individualizada os interesados.”

Logo de considerar que, conforme as atribucións concedidas por delegación da Comisión Executiva, o abeiro do establecido no artigo 12.2.l) do Estatutos do Inorde, en relación co artigo 11.f) dos ditos Estatutos, segundo o disposto na cláusula sétima, parágrafo 2 das bases da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense e tamén por asociacións empresariais municipais ou comarcais da provincia de Ourense das que formen parte comerciantes, durante o ano 2026 (BOP de Ourense número 49, do 13 de marzo de 2026), a Presidencia do Inorde é competente para a resolución do concurso, concedendo ou denegando as subvencións solicitadas.

Polo exposto, **DISPOÑO**,

1º. Admitir a trámite as seguintes solicitudes:

Asociación	Actividade
Asociación de Comerciantes y Empresarios de Maceda	Maceda 100x100: Mercar aquí ten premio
Asociación empresarial de Valdeorras (AEVA)	Valdeorras Sostible III Ed 2026
Asociación de Empresas e Comercios Prolimia	O Comercio O Latexo de un Pobo
Asociación de Floristas de la Provincia de Ourense (AFLOR)	En AFLOR todos somos floristas
Asociación Empresarios de Verín	Outubro Viaxa Contigo
Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais do Centro Comercial Aberto de Ourense	Actividades de dinamización, fidelización y promoción comercial
Asociación Comerciantes e Industriales de la Plaza de Abastos Nº1 de Ourense	Promoción producto local y comercio de proximidad
Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense	Comercio Vivo; acción de dinamización do comercio local mediante espazo promocional en rúa e campaña audiovisual

2º. Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, as solicitudes seguintes:



Asociación	Actividade	Subvención (euros)
Asociación de Comerciantes y Empresarios de Maceda	Maceda 100x100: Mercar aquí ten premio	5.600,00
Asociación empresarial de Valdeorras (AEVA)	Valdeorras Sostible III Ed 2026	5.600,00
Asociación de Empresas e Comercios Prolimia	O Comercio O Latexo de un Pobo	5.600,00
Asociación de Floristas de la Provincia de Ourense (AFLOR)	En AFLOR todos somos floristas	5.600,00
Asociación Empresarios de Verín	Outubro Viaxa Contigo	5.599,88
Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais do Centro Comercial Aberto de Ourense	Actividades de dinamización, fidelización y promoción comercial	4.589,58
Asociación Comerciantes e Industriales de la Plaza de Abastos N.º1 de Ourense	Promoción producto local y comercio de proximidad	3.560,64
Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense	Comercio Vivo; acción de dinamización do comercio local mediante espazo promocional en rúa e campaña audiovisual	5.600,00
Totais		41.750,10

3º. Recordar que os beneficiarios ten que adoptar as medidas de comunicación e visibilidade da subvención concedida establecidas na base décimo segunda das bases da convocatoria, debendo realizar as seguintes medidas de difusión:

a) A inclusión da imaxe institucional do Inorde ou unha lenda alusiva o feito de que a actividade está subvencionada polo Inorde nos materiais impresos, como carteis, entradas, prospectos, boletos ou outros, e no material audiovisual que se realice da actividade.

b) Na páxina web ou nas contas nas redes sociais do beneficiario.

c) As actividades de comunicación dos beneficiarios relacionadas coa acción ou accións subvencionadas.



En todo caso, se realizasen totalmente a actividade con anterioridade á resolución da convocatoria, nas actividades de comunicación posteriores se deberá facerse referencia á financiación de carácter público recibida do Inorde.

Recordar tamén que todos os beneficiarios, aínda que tivesen realizado a actividade con anterioridade a resolución da convocatoria das subvencións, deberán cumprir as súas obrigas de publicidade activa da subvención concedida, de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e ben goberno.

4º. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Inorde <http://www.inorde.com> e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e comunicarllo, electronicamente, as asociacións interesadas.

Contra este acto, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a Presidencia da Deputación no prazo dun mes. O prazo computarase desde a data a partir do día seguinte ao desta publicación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. Se o día de vencemento fose inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte. Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Ourense, 1 de xuño de 2026. O presidente do Inorde.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

R. 1.273

